

Expediente: 2023/12143A

## RESOLUCIÓN

Nomeamento da vicepresidenta primeira da Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2023 – 2027.

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 103 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, os vicepresidentes son un órgano de existencia necesaria en todas as deputacións provinciais de réxime común.

De acordo co artigo 35.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 104.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, correspóndelle á Presidencia designar libremente aos vicepresidentes entre os membros da Xunta de Goberno, debendo observarse as formalidades previstas no artigo 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

No día da data, dona Marta Nóvoa Iglesias foi designada membro da Xunta de Goberno, polo que reúne os requisitos legais para ser nomeada vicepresidenta da Deputación.

Polo exposto, DISPOÑO:

- Nomear vicepresidenta primeira da Deputación Provincial de Ourense á deputada provincial dona Marta Nóvoa Iglesias.

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal ao interesado, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución”.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.